



Concello de Cangas

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA X”

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 2º, 10º e 11º da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para **os obradoiros duais de emprego da** Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG 03-02-2021) e na Circular núm. 6/2021 de data 15/06/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo CONCELLO DE CANGAS e subvencionado pola antedita consellería.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de: *ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309) E REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVICOLAS (AGAR0208).* **Especialidade de Nivel 2**

10 prazas na especialidade de: *OPERACIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL (SEAD0411).* **Especialidade de Nivel 2**

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PERSOAS QUE RESULTEN CONTRATADAS.

- Cumprir coas obrigas laborais propias do contrato asinado co Concello de Cangas e, entre outras, seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas dos certificados de profesionalidade, da formación transversal e complementaria, e dos traballos en obra asociados ao proxecto.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación de Graduado Escolar ou de Graduado en ESO.
- Respectar as normas de réxime interior establecidas polo Concello e en particular polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Cumprir coa normativa laboral e de formación que lle resulte de aplicación en cada caso, procurando así a consecución dos obxectivos previstos no proxecto.
- Amosar interese e dispoñibilidade en relación coa procura dun emprego no ámbito forestal que a través do obradoiro de emprego se lle puidera xestionar.



TERCEIRA.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO – TRABALLADOR CO CONCELLO DE CANGAS.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos/as-traballadores/as seleccionados serán contratados polo CONCELLO DE CANGAS na modalidade de **contrato para a formación e aprendizaxe**.
2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha **duración de nove meses**).

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

a) REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir e traballos a realizar con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter **18 ou máis anos de idade**.
2. Estar **desempregado/a**, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego **rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego**.
3. Cumprir os requisitos establecidos na **normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe**, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
4. Tendo en conta que o nivel máis alto de formación que se vai impartir nas dúas especialidades do Obradoiro correspóndese con certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, cumprir cos **requisitos de acceso sinalados con carácter xeral para os certificados de profesionalidade de nivel 2**.

c) CRITERIOS DE PREFERENCIA:

En base ao establecido no artigo 11.2 da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego, na selección dos candidatos/as procurarase no posible a adecuación dos perfís pertencentes aos dos colectivos preferentes.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos dos apartados a) e b) anteriores.
2. Falta de documentación acreditativa



3. A participación con anterioridade noutro programa mixto de emprego e formación.
4. Falsear os datos do cuestionario.
5. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
6. Posuír xa a formación correspondente á especialidade do obradoiro de emprego na que podería participar, total ou parcialmente.

QUINTA.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. A OFERTA DE EMPREGO (unha por cada especialidade) a presentará o Concello de Cangas, como entidade promotora do proxecto de obradoiro, na Oficina de Emprego de Cangas, indicando na oferta os requisitos de acceso previstos nestas bases e na normativa que lle resulte de aplicación.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego e/ou a entidade promotora comunicará aos candidatos/as preseleccionados a data e lugar na que deberán comparecer para **presentar a SOLICITUDE e achegar a DOCUMENTACIÓN IMPRESCINDIBLE** que de seguido se relaciona:

- **Fotocopia do DNI/NIE actualizado (polas dúas caras).**
- **Vida laboral actualizada e completa (aínda que non teña experiencia laboral)**
- **Acreditación da maior Titulación académica que posúa.**
- Se é o caso, acreditación das **Competencias Clave adquiridas** (ou equivalente que permita o acceso a certificados de nivel 2).
- Se é o caso, acreditación do seu **grao e tipo de discapacidade.**
- Se é o caso, **informe de Servizos Sociais que acredite a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.**
- Se é o caso, acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas, en concreto **obradoiros de emprego**, no seu **Itinerario de Inserción Profesional.**

A **solicitud** de participación no proceso selectivo realizarase o **día indicado, tendo que presentar nese momento obrigatoriamente a documentación** necesaria para acreditar os requisitos previstos nestas bases, **sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.**

O Concello de Cangas valorará todas as solicitudes e documentación presentada e publicará a lista de candidatos/as que pasan á primeira fase do proceso de selección, así como o tribunal responsable da selección, expoñéndoa no taboleiro e na sede electrónica do Concello e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas..

Se unha vez avaliadas as solicitudes quedaran menos de dúas persoas por praza, o Concello de Cangas poderá solicitar a máis candidatos/as para contar con dúas persoas por praza na fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participante.



SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécese un tribunal cualificador para a selección dos aspirantes segundo o previsto nas presentes Bases e na normativa que resulte de aplicación. Este tribunal xulgará as probas, supervisando e garantindo o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros titulares (ou no seu caso dos seus suplentes), debendo estar presentes ao menos as persoas designadas como presidente/a, secretario/a e un vogal.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal publicarase formando parte da resolución pola que se aprobará a listaxe de admitidos e excluídos.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores/as externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases, a convocatoria do seu presidente. De producirse algunha baixa na Composición do Tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da Alcaldía.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase, que consistirá na realización dunha entrevista persoal co obxecto de avaliar o interese e a dispoñibilidade das persoas desempregadas preseleccionadas en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 18 puntos.

Pasarán á fase de entrevista os candidatos/as preseleccionados pola Oficina de Emprego de Cangas que presenten no Concello de Cangas a súa solicitude acompañada da documentación acreditativa dos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da oficina de emprego.

2. A segunda fase do proceso selectivo consistirá na avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo, ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 18 puntos.



As listaxes das puntuacións desta segunda fase, unha por especialidade, elaboraranse nunha sesión do tribunal de selección, despois de valorar a documentación presentada polas persoas aspirantes de acordo co baremo previsto nestas bases. Estas listaxes publicaranse no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego

OITAVA.- VALORACIÓN FINAL.

Finalizadas as dúas fases do proceso selectivo, o tribunal de selección procederá á cualificación final das persoas aspirantes (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado), que será o resultado da suma da puntuación acadada por cada aspirante en cada unha das dúas fases, facendo pública de seguido as listaxes coas puntuacións totais (unha listaxe por especialidade), con indicación das especialidades formativas ás que son adscritos os aspirantes, e indicando os que quedan como titulares (10 mellores puntuacións en cada especialidade) e os que quedan como suplentes (lista de reserva). Estas listaxes serán expostas no taboleiro e no sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas.

NOVENA.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

DÉCIMA.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista, unha por especialidade, empregárase para cubrir as vacantes que no seu caso se produzan entre os candidatos/as que resultaran seleccionados como titulares.
2. No suposto de que a lista de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG do 03-02-2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, **non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.**
2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAI DE EMPREGO

1.- MULLERES

.En xeral 1 pto.

2.- IDADE

. 18 - 29 anos 4 ptos.

. 30 - 44 anos 2 ptos.

. 45 ou máis 3 ptos

3.- DISCAPACIDADE

• Minusvalía \geq 33% 1 pto.

(Sempre que resulte compatible coa formación teórico-práctica e cos traballos en obra)

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

• Perceptores/as de desemprego 1 pto.

• Perceptores/as de subsidio ou axudas
RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA, etc..... 2 ptos

• Non perceptores/as 3 ptos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo a vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

• Menos de 12 meses 1 pto.

• Máis de 12 meses..... 2 ptos.

• Máis de 18 meses... 3 ptos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

• Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:..... 1 pto.

• Emigrante retornado no último ano (máximo setembro 2020).. 1 pto.

(Só se puntuará unha das dúas situacións)

Factores ponderados polos servizos sociais no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Informe de servizos sociais.

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

• Ata graduado en ESO..... 3 ptos.

• Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.

• FP de ciclo superior..... 1 pto.

• Títulos universitarios 0,5 ptos.

8.- OUTROS

Ter prevista a realización deste tipo de medida (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 2 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

- ◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente





Concello de Cangas

**SOLICITUDE ALUMNOS-TRABALLADORES OBRADOIRO EMPREGO:
GRANXA DA RÚA X (CONCELLO DE CANGAS)**

APELIDOS _____ NOME _____

DNI _____ Data nacemento _____ IDADE _____ TELÉFONO _____

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____ Concello _____ C.P. _____

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudos primarios - Graduado escolar- ESO sen aprobar

- Graduado en ESO - FP1 ou Ciclo medio de

- BUP.....COU Bacharelato FP2 ou
Ciclo superior de.....

- Proba Acceso: CM..... -CS.....

-Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos :.....

- Diplomado- Licenciado- Grao.....

Realiza estudos na actualidade ? Cáles ?.....

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?

-Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Galega..... Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés).....Nivel 2.....Nivel 3.....

NIVEL DE LINGUA GALEGA: Celga 2, Celga 3, Celga 4, Iniciación, Perfeccionamento

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (INEM, Xunta Galicia).

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano


-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

• NO

• SI:

-POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE OBRADOIRO?

.....
.....
.....



-QUE ESPERA OBTENER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?

-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

-ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?

-TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?

Especialidade?

-PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?

-PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA)?

-PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?(En caso afirmativo, terá que acreditarlo)

-POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?..... INDIQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),.....

-CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?.....
Cantos teñen ingresos?.....

-POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE TÓDOLOS DATOS ANTERIORES SON CERTOS.

CANGAS, de de 2021

SINATURA

